

# PROBAS DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS GRAO MEDIO E SUPERIOR

---

## ACCESO A CICLO DE GRAO MEDIO

### 1.- REQUISITOS DE ACCESO

- ✚ As probas de acceso aos Ciclos Formativos de Grao medio van dirixidas ás persoas que non cumpran os requisitos académicos de acceso a Ciclos Formativos de Grao Medio.
- ✚ Para poder concorrer á proba é necesario ter **CUMPRIDOS 17 ANOS OU CUMPRILOS NO ANO NATURAL** de celebración da proba (cumpridos antes do 31 de decembro de 2022)

### 2.- PARTES DA PROBA

A proba divídese en tres partes:

- Sociolingüística: Lingua castelá, Lingua galega, Ciencias sociais.
- Matemática: matemáticas.
- Científico-técnica: Ciencias da natureza, Tecnoloxía.

- ✚ A proba dará lugar a obtención dunha certificación na que constará a nota final lograda e a cualificación obtida en cada unha das partes que a compoñen.
- ✚ A certificación da superación da proba dará acceso a calquera Ciclo Formativo de Grao Medio, nas condicións de admisión que se establezan.
- ✚ Para quen realizase a proba na Comunidade Autónoma de Galicia e non a superase na súa totalidade, a certificación permitirá manter a cualificación obtida nas partes superadas cunha puntuación igual ou superior a 5 nas convocatorias de probas de acceso a Ciclos Formativos de Galicia durante os 2 anos seguintes.
- ✚ Existirá unha porcentaxe de reserva de prazas por cada centro e ciclo para as persoas que accedan pola cota de proba de acceso. A adxudicación de praza estará condicionada pola cualificación obtida na proba.

### 3.-MATERIAIS DIDÁCTICOS E EXAMES DE PROBAS ANTERIORES

Na páxina web da Xunta de Galicia tes á túa disposición materiais didácticos e exames de probas anteriores: <http://www.edu.xunta.es/fp/acceso-grao-medio>

## ACCESO A CICLO DE GRAO SUPERIOR

### 1.- REQUISITOS DE ACCESO

- ✚ As probas de acceso aos Ciclos Formativos de Grao Superior van dirixidas ás persoas que TEÑAN POLO MENOS **19 ANOS OU OS FAGAN NO ANO DE REALIZACIÓN DA PROBA** (cumpridos antes do 31 de decembro de 2022) e non cumpran os requisitos académicos de acceso a Ciclos Formativos de Grao Superior.

### 2.- PARTES DA PROBA

A proba divídese en dúas partes:

- Parte común: lingua galega, lingua castelá e matemáticas
- Parte específica:
  - Opción A: economía da empresa, lingua estranxeira (inglés ou francés), e filosofía
  - Opción B: debuxo técnico, tecnoloxía industrial, e física.
  - Opción C: ciencias da terra e ambientais, química e bioloxía.

*(Na parte específica só terás que realizar aquela opción relacionada cos estudos de FP de Grao Superior que queiras cursar)*

- ✚ A proba dará lugar á obtención dunha certificación na que constará a nota final lograda e a cualificación obtida en cada unha das partes que a compoñen.
- ✚ No caso de superación da proba, a devandita certificación incluírá a relación de familias profesionais ás que se poderá acceder, nas condicións de admisión que se establezan.
- ✚ Para quen realizase a proba na Comunidade Autónoma de Galicia e non a superase na súa totalidade, a certificación permitirá manter a cualificación obtida nas partes superadas cunha puntuación igual ou superior a 5 nas convocatorias de probas de acceso a ciclos formativos de Galicia durante os dous anos seguintes.

### 3.- EXAMES DE PROBAS ANTERIORES

Na páxina web da Xunta de Galicia tes á túa disposición exames de probas anteriores:

<http://www.edu.xunta.es/fp/acceso-grao-superior>

## CALENDARIO DE INSCRIPCIÓN E REALIZACIÓN DAS PROBAS

Probas de acceso	Datas grao superior	Datas grao medio
Inscripción para a proba.	31 xaneiro-11 febreiro	3-16 marzo
Publicación das listaxes provisionais: -de inscrición. -de exencións. -de proba adaptada.	18 febreiro	23 marzo
Reclamación contra as listaxes provisionais.	18-25 febreiro	24-30 marzo
Publicación das listaxes definitivas: -de inscrición. -de exencións. -de proba adaptada.	15 marzo	19 abril
Publicación dos centros públicos onde se realizarán as probas cos centros de inscrición que teñen adscritos.	15 marzo	19 abril
Celebración da proba.	28 abril	25 maio
Publicación da listaxe de cualificacións provisionais.	10 maio	6 xuño
Reclamación contra a listaxe de cualificacións provisionais.	10-13 maio	7-10 xuño
Publicación da listaxe de cualificacións definitivas.	1 xuño	21 xuño
Entrega de certificados nos centros.	A partir do 2 de xuño	A partir do 22 de xuño
Recursos contra as cualificacións definitivas de probas de acceso.	2 xuño-2 xullo	22 xuño-23 xullo
Resolución administrativa.	2 xuño-30 setembro	22 xuño-30 setembro

